



O poeta, narrador, ensaísta, columnista e tradutor **Xuan Bello** (Paniceiros, 1965) é moi probablemente o escritor en lingua asturiana máis relevante de todos os tempos.

Con quince anos escribiu *Nel quartu mariellu*, que se publicou en 1982, e no 88 seguiríalle *El llibru de les cenices*. Nos efervescentes anos de formación filolóxica coincidirá cos que serán compañeiros da Segunda Xeración do *Surdimientu*: con Berta Piñán e Antón García funda a revista *Adrúi*, e con Esther Prieto, Zimbru. Ao tempo, segue publicando multitude de textos e traduce autores ingleses (Stevenson, Conan Doyle), portugueses (Pessoa, Eugénio de Andrade) ou galegos (Castelao, Cunqueiro). Nos anos noventa verán a luz os poemarios *Los nomes de la tierra*, *El llibru vieyu*, *Los caminos secretos* e a antoloxía bilingüe *La vida perdida*. Xa nesta última década: unha nova antoloxía bilingüe *-Ambos mundos-*, *El llibru nuevo* e *Les isles inciertas*. Pero á súa bibliografía hai que sumar máis traducións, columnas, edicións críticas, antoloxías de poesía asturiana, tres libros de ensaios, un de literatura infantil e dez de narrativa entre os que salientan *Hestoria Universal de Paniceiros* (2002), *La nieve y otros complementos circunstanciales* (2007), *Al dios del llugar* (2007) e *Incierta historia de la verdad* (2019).

Traducido a varios idiomas entre os que se conta o galego, e tendo vivido en Coímbra, Braga ou Roma, Xuan Bello acumula galardóns coma dous premios Teodoro Cuesta, o Xuan María Acebal, o Ramón Gómez de la Serna, o Premio da Crítica Asturiana e o Premio Nacional de Literatura Asturiana.

#### CORONAVIRUS

*De repente la muerte como esa vecina  
qu'esperabes finalmente nun viniera  
cola tarta d'arándanos per casa.  
¿Por delicadeza perdiesti tu la vida?  
Y la cabeza, tantas veces.  
Sabes agora que ta equí carpiendo  
na tos unánime de la parroquia,  
nel ronquiellu sordu del miedu  
y hasta —sospeches— naquellos que más quieres.*

*¿Nun viesti esa elástica sombra atrecida  
nel abrazu que te fai ensalendar?  
Llegó la muerte p'allugase en ti  
y esperar nel ángulu escuru  
contigo'l to destín.*

Llegó

*ensin priesa. Nun hai remedi.  
Si llograres falar con ella diba 'icite:  
«Toi contigo desque tienes vida  
y yá taba contigo muncho enantes».*

←  
(XUAN  
BELLO)

Luns 14 de decembro  
20:30

ÁGORA

[www.centroagora.es](http://www.centroagora.es)



# Poetas Di(n)versos <sup>2020</sup>

Xuan Bello







**Miriam Ferradáns** é de Bon (Bueu) e naceu en 1982. Graduada en Traballo Social pola Universidade de Vigo, a súa actividade laboral está vinculada ao ensino con adolescentes.

Como poeta ten publicadas a plaquette *Deshabitar unha casa* (2016) e o libro *Nomes de Fume* (2017), cos que gañou, respectivamente, o premio de poesía Francisco Añón e o Premio Nacional de poesía Xosé María Pérez Parallé. Con *Do tacto*, breve poemario recollido na obra colectiva *Roseira de cen Follas* (2019), recibiu o premio de poesía Leiras Pulpeiro. *Noms de fum*, a tradución ao catalán do seu libro por parte da poeta catalá Dolors Miquel, viu a luz en 2019 e no 2020 aparece, baixo o título *Nombres de humo*, a versión do mesmo en castelán elaborada por Gonzalo Hermo.

De igual xeito, algúns dos seus poemas foron traducidos ao portugués, alemán, inglés, italiano e mesmo ao finés. A súa última publicación até a data viu a luz a finais do pasado ano, cando a editorial Apiario publicou a súa última entrega: unha plaquette titulada *Agosto*.

*Non había outras e os tulipáns pareceronlle  
resistentes. A que teñen que resistir?  
Están mortos. A auga conserva levemente  
a aparencia, coma cando conservan un  
cadáver no conxelador. Aquí faise moito,  
a maioría dos homes son mariñeiros, entón  
debemos esperar a que cheguen para enterrar  
as súas mulleres, as súas nais, as súas fillas.*



## (MÍRIAM FERRADÁNS)

Luns 14 de decembro

**20:30**

**ÁGORA**

[www.centroagora.es](http://www.centroagora.es)



# Poetas Di(n)versos <sup>2020</sup>

Miriam Ferradáns

